

G2302011

Obradoiros de mellora da competencia comunicativa do profesorado

CONTEXTO:

O novo marco de competencias profesionais **docentes** brinda a oportunidade de unir sinerxías entre distintas especialidades arredor do fornecemento da competencia comunicativa do profesorado de todas as áreas / materias.

OBXECTIVOS:

1. Compartir prácticas verbais e non verbais na aula e na comunidade educativa con sentido estético.
2. Desenvolver recursos e estratexias de apoio para a mediación lingüística.
3. Aprender a conectar coa emoción desde a técnica discursiva.

CONTIDOS:

1. Estratexias orais para a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe de linguas.
2. Optimización do uso de soportes complementarios á fala en distintos contextos.
3. Estratexias de apoio para a mediación lingüística.

INDICADORES COMPETENCIAIS:

Competencia comunicativa - Comunicación non verbal - Básico - Aplica estratexias variadas de linguaxe non verbal para ampliar e clarificar mensaxes verbais.

Competencia comunicativa - Comunicación non verbal - Básico - É consciente do valor semántico da posición e do movemento corporal na comunicación.

Competencia comunicativa - Comunicación non verbal - Básico - Organiza o seu corpo e a súa xestualidade para acompañar e harmonizar o discurso.

Competencia comunicativa - Comunicación verbal - Básico - Acompaña as interaccións entre o alumnado, facilitando, proporcionando realimentación e recursos para a mellora

Competencia comunicativa - Comunicación verbal - Básico - Adapta a comunicación ás necesidades do contexto e das persoas interlocutoras, alternando entre diferentes códigos verbais segundo sexa preciso

Competencia comunicativa - Linguas maternas e estranxeiras - Básico - Emprega as dúas linguas maternas na súa comunicación, segundo as necesidades do alumnado e en contextos non regulados normativamente.

Competencia comunicativa - Linguas maternas e estranxeiras - Básico - Manexa estratexias básicas comunicativas en linguas estranxeiras curriculares para comunicarse e interactuar co alumnado segundo as súas necesidades.

Competencia comunicativa - Mediación lingüística. Recursos e estratexias de apoio - Básico - Adapta, parafrasea e transmite os aspectos esenciais do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado e ás familias

Competencia comunicativa - Mediación lingüística. Recursos e estratexias de apoio - Básico - Coñece e importancia da comunicación aumentativa na relación co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Competencia comunicativa - Mediación lingüística. Recursos e estratexias de apoio - Básico - Recoñece as dificultades lingüísticas e comunica a natureza do problema con linguaxe axeitada ao nivel do alumnado

Competencia comunicativa - Sentido estético, dramático e capacidade de emocionar - Básico - Coñece diferentes linguaxes e/ou canles comunicativas que conectan coa realidade do alumnado no seu contexto socioeducativo

Competencia comunicativa - Sentido estético, dramático e capacidade de emocionar - Básico - Entende a necesidade de xerar interaccións variadas con diversos elementos narrativos que manteñan a atención e a persistencia na tarefa proposta en cada momento

ENFOQUE E FORMATO DO EVENTO:

O enfoque do evento procura atender ao desenvolvemento da competencia comunicativa de todo o profesorado, desbotando a idea de que o público base deste tipo de obradoiros sexa só de especialidade lingüística.

Así, o profesorado asistente de todos os corpos e especialidades poderá atopar cuestións de interese para desenvolver: as súas habilidades verbais, tanto en linguas cooficiais coma en linguas estranxeiras, pensando na aula e tamén na comunidade educativa; as non verbais; as persuasivas e de sentido estético; e as de mediación lingüística, cuestión moi relevante para todo o profesorado.

A estrutura do evento procura responder ao enfoque práctico do seu deseño. Por iso, toda a xornada está constituída por sesións simultáneas que responden a un formato obradoiro ou a un formato charla con alto carácter práctico/dialóxico.

MAÑÁ		
9.30 – 10.00 h.	Recollida de documentación. [Primeiro control de asistencia]	
10.00 – 10.30 h. PLENARIA	Salón de actos	Inauguración da xornada
		Presentación dos obradoiros. Asesoría de linguas
10.30 – 12.00 h. SIMULTÁNEAS	Aula 5 (planta baixa)	CHARLA. Inclusión educativa na aprendizaxe das linguas. David González Gándara.
	Presalón	OBRADOIRO. Dinámica de aula comunicativa a partir da praxe docente. Modesto Corderí.
	Aula 2 (planta baixa)	OBRADOIRO. Linguaxes e canles comunicativas que conecten co noso alumnado. Alberto Roca.
	Aula 6 (planta baixa)	OBRADOIRO. Cinco elementos para unha boa comunicación.: a acollida, a escoita, a mirada, o diálogo socrático e o feed-back. Inmaculada Gándara.
	Aula 7 (1º andar)	OBRADOIRO. Lectura e tarefas competenciais con enfoque comunicativo en todas as materias de Educación Secundaria. Sofía Rama.
	Aula 11 (1º andar)	OBRADOIRO. Lectura e tarefas competenciais con enfoque comunicativo en todas as áreas de Educación Infantil e Primaria. Teresa Neira.
	Aula 14 (1º andar)	OBRADOIRO. Linguaxe non verbal. O seu valor semántico e as súas posibilidades para clarificar. Miguel Guido.
12.00-12.30h. DESCANSO		
12.30 h. – 14.00 SIMULTÁNEAS	Aula 5 (planta baixa)	CHARLA. Recomendacións de estilo para a persoa docente no marco do plan de comunicación. Isabel Serna.
	Presalón	[Repítense os obradoiros das 10.30h.]
	Aula 2	
	Aula 6	
	Aula 7	
	Aula 11	
	Aula 14	

TARDE		
16.00 – 17.30 h. SIMULTÁNEAS	Aula 5 (planta baixa)	CHARLA. Lectura e textos competenciais. Teresa Neira, Sofía Rama e Concepción Aramburu.
	Aula 2 (planta baixa)	OBRADOIRO. Dinámicas para a interacción e o interese pola consecución das tarefas. Alberto Fortes.
	Aula 6 (planta baixa)	OBRADOIRO. Oralidade en linguas estranxeiras para todo o profesorado. María Fernández.
	Aula 7 (1º andar)	OBRADOIRO. Metodoloxías e recursos para o alumnado de orixe estranxeira. Emilio García.
	Aula 11 (1º andar)	OBRADOIRO. Accesibilidade dos textos atendendo á neurodiversidade da aula. Olga Torres.
	Aula 14 (1º andar)	OBRADOIRO. Aula de debate. Santiago Martínez.
17.30-17.45h DESCANSO		
17.45-19.00h. SIMULTÁNEAS	Aula 5 (planta baixa)	[Repítense a charla e os obradoiros das 16.00h.]

	Aula 2	
	Aula 6	
	Aula 7	
	Aula 11	
	Aula 14	
19.00-19.30h PLENARIA	Salón de actos	Clausura da xornada con apertura de micros. Facemos balance. [Segundo e último control de asistencia]

SEGUIMENTO E DESENVOLVEMENTO DO EVENTO:

Para superar e certificar estas xornadas é preciso asistir, tal e como indica a ORDE do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, a polo menos o 85% do total das horas. Neste caso, sendo as xornadas de 8 horas presenciais, o máximo que se pode faltar é 1,2 horas.

Farase o seguimento de asistencia a través de dous controis de asistencia con código de barras no programa, co que se require ás persoas participantes que non deixen de pasar polo posto de secretaría do evento en ningún caso para ditos controis.

Se queres contactar coa persoa coordinadora do evento no CAFI, podes facelo a través do correo e <cafi.zona4@edu.xunta.gal>.